

HISTAGRA CONSEGUE UN CONTRATO FPU

O investigador do **Grupo HISTAGRA**, Xabier Bugeiro Alonso ven de conseguir un contrato FPU do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte do Goberno de España.

Xabier Bugeiro Alonso é graduado en Historia (2016, USC) e Máster Interuniversitario en Historia Contemporánea (USC, 2017). Na actualidade cursa o Doutoramento en Historia Contemporánea e é bolseiro do programa de Formación de Profesorado Universitario (FPU) no Departamento de Historia da USC. Durante o curso académico 2015/16 gozou dunha bolsa de colaboración do MECD que desenvolveu na Unidade de Patrimonio Documental e Oral Contemporáneo (UPDOC) – Fondo de Historia Oral de Galicia (HISTORGA) do antigo Departamento de Historia Contemporánea e de América da USC. No ano 2017 foille concedido o premio extraordinario do Grao en Historia.

As súas liñas de investigación céntranse no estudo das actitudes sociais no contexto de persecución iniciado após o Golpe de Estado de 1936.

Ligazóns de interese:

<http://histagra.usc.es/gl/persoa/e77d1e462f92/>

<https://historiazgz2017.files.wordpress.com/2017/05/m-4-bugeiro-xavier.pdf>

<http://histagra.usc.es/gl/>

Patrocina:



UNIÃO EUROPEIA

Fundo Europeu de
Desenvolvimento Regional